

CLASIFICATORIO DUATLÓN ESCOLAR LUGO (PASEO RIO RATO) SÁBADO 23 FEBREIRO 2019 Restaurante TERRAS DO MIÑO. (Ata o luns 19 para comunicar inscrición)

Saída do BUS: Pendente de confirmar. Normalmente sae do Campo da Feira, bicis viaxan no maleteiro do bus. Actualización na web do centro e redes sociais.

Lugar da competición: no paseo do Rato, á altura do restaurante Terras do Miño. En transporte particular ide con tempo porque 1h antes da 1ª carreira, ás 10:00h. péchase o tráfico pola Policía Local.

Verificación de material: 10min antes da cada proba os xuíces verifican a bicicleta e o casco obrigatorio no aparcamento de bicis (verifican estado do debuxo das rodas, os freos e o casco posto, que non se mova).No manillar miran que os extremos estén pechados. Recómendase bicicleta de marchas.

HORARIOS DA CARREIRA:

- **Recollida Dorsais:** 10:10h ata 10' antes de cada proba. Verificación de material 10' antes de cada proba.
- **Saída categoría benxamín** ás 11:00h. Alumnado de 3º e 4º primaria. Distancias Categoría benxamín: 0,5 Km de carreira a pé – 2 Km en bicicleta – 0,250 Km de carreira a pé.
- **Saída categoría alevín** ás 11:20h. Alumnado de 5º e 6º. Distancias Categoría alevín: 1 km de carreira a pé – 4 km en bicicleta – 0,5 km de carreira a pé.
- Saída categoría infantil ás 11:50h. Alumnado de 1º e 2º da ESO. Distancias Infantil: 1.5 km de carreira a pé – 6 km en bicicleta – 0.750 km de carreira a pé.
- **Saída categoría cadete** ás 12:30h. Distancias Categoría cadete: 2 km de carreira a pé – 8 km en bicicleta – 1 km de carreira a pé Participantes:
- **Hora de remate das probas** ás 13:30 h, e apertura ao tráfico rodado.
- **Entrega de trofeos individuais:** 13:30h

Material Necesario: IMPRESCINDIBLE BICI con marchas e CASCO.

Recollida de dorsais: na carpa de organización, nas inmediacións da transición, zona do restaurante Terras do Miño, desde 03:15 h pm (45' antes do comezo) de cada proba ata 10' antes da saída. Os dorsais recíclanse, é preciso devolvelos para tomar a auga e a froita que nos agasalla a organización.

Premios: medallas para os tres primeiros clasificados/as de cada categoría e clasificación para o Campionato Provincial por chegar á meta. Os participantes non clasificados poderán competir en Vialba no seguinte Clasificatoria, o Provincial será en Mondoñedo.

Inscrición: Alumnado do cole Confirmar asistencia e inscrición a 616501003 como máximo o 19 febreiro, ás 22:00pm. Deportistas do Clube falade con Javi. Despois do martes non se admiten inscricións.

Precisamos Nome Apelidos, Data de Nacemento e DNI.

Apuntarse é libre, voluntario e unha responsabilidade. Aqueles que se inscriban e non acudan obrigan ao clube a pagar unha multa por non asistencia, igual que se non sube ao podium, multa de 25 a 50 euros, que se lle pasará ao que non asista.

Sobra dicir que se esixe bo comportamento no transporte e durante a proba, reservamos o dereito de non inscribir ao que non garde as normas de conduta e respecto.

Grazas e animádevos.

